



## CUPRA Terramar



## VAYPERautomoción

Cruceiro da Coruña, 203 • Santiago  
Vía Pasteur, 46 - 48 • Polígono do Tambre • Santiago  
Tel. 981 93 73 49 • [www.vayperautomocion.com](http://www.vayperautomocion.com)

Mecánica en xeral: taller | chapa | pintura | electricidade | ITV | pneumáticos | aire acondicionado  
cambio de aceite | vehículos de ocasión | reparación de vehículos de flota

Hemos venido  
a jugar



**Nuevo T-Cross**  
Llévatelo a casa  
Con My Way

La Vida son experiencias, llénala de color



**Yáñez**

Coruña - Santiago - Ferrol  
981 980 970  
[www.yanez.es](http://www.yanez.es)

# SUMARIO

**NOVAS** **5**

PROBA » **22**  
KTM 790 ADVENTURE

NOVAS » **5**  
5, 7, 8, 10, 12, 13, 14

- +**
- 5 **XA DISPOÑIBLE O HIPERCAR NILU 27**  
MITSUBISHI COLT GLP
  - 7 **XII EDICIÓN DA CONCENTRACIÓN DE VEHÍCULOS HISTÓRICOS EN COMPOSTELA**
  - 8 **PININFARINA B95 GOTHAM: O LUXO INSPIRADO EN BATMAN**  
A CHINESA ZEEKR LANZA BATERÍAS QUE CARGAN NUN TEMPO RÉCORD
  - 10 **SKODA SUPERB SPORTLINE**  
XPENG MONA M03, OUTRO RIVAL DO TESLA MODEL 3
  - 12 **FORD AMPLÍA A GAMA DA NUGGET TRANSIT COA VARIANTE ACTIVE**  
LAMBORGHINI TEMERARIO, UN SUPERDEPORTIVO HÍBRIDO

PRESENTACIÓN » **16**  
CUPRA TERRAMAR

CACOS » **20**  
MÁS ROUBOS DE VEHÍCULOS EN 2024

RETRO VISOR » **26**  
BMW M5 / ALFA ROMEO 2000 SPORTIVA

**SECCIONES**

DÚAS RODAS	4
PRESENTACIÓN	16
PROBA	22
RETRO VISOR	26
COMPETICIÓN	30

**VENTA ONLINE**

**Hijos de C. V. Otero, S. L.**

Vía Édison 5, Pol. Ind. del Tambre  
Santiago de Compostela (España)  
Tfn.: +34 981 58 52 10  
hcvotero@hcvotero.es  
www.hcvotero.es

*Contigo desde 1887*

**CHAMPU CONCENTRADO CON CERA AUTOSECANTE**

**LIMPIADOR LLANTAS E INSECTOS**

**LIMPIADOR MOTORES ENGINE DEGREASER**

FAREN chemical industries Innovative solutions

CAR LINE

## A enerxía verde, máis aló dunha demanda social

A transición cara a unha enerxía máis limpa e sostible converteuse nunha demanda social cada vez máis imperiosa, ademais dunha necesidade ecolóxica ineludible. O consumo masivo de enerxía que requiren todos os vehículos e dispositivos da nosa vida cotiá obríganos a reformular o uso de combustibles fósiles e outras fontes de enerxía non sostibles. As que vemos xa como sucias.

O futuro debe ser impulsado por enerxías limpas e renovables, un obxectivo que, aínda que vital, aínda está lonxe de alcanzarse. Pero un obxectivo que cada día se ve máis próximo e real. O camiño cara a un sistema enerxético con cero emisións é longo e desafiante, e só se poderá percorrer coa cooperación de todos os sectores da sociedade, incluíndo un esforzo conxunto tanto público como privado. Esta situación lémbra-nos á época na que conviviamos a cotío co fume do tabaco en calquera lugar, sen ser conscientes do gran dano que causaba á saúde. Así como aprendemos a deixar atrás esa práctica, agora debemos comprometernos de maneira urxente a adoptar enerxías verdes. Polo ben dos cidadáns actuais e dos do futuro.

A urxencia de implementar enerxías renovables xa non admite escusas nin demoras. A Unión Europea avanzou significativamente neste terreo, España tamén, pero se desexan manter e acelerar esta transformación, deberán combinar innovación tecnolóxica, investimentos estratégicos, políticas coherentes e unha colaboración internacional real. No noso país, a redución de emisións de CO2 foi notable, impulsada en gran medida polo peche de plantas de carbón e a crecente adopción de enerxías renovables. O país asumiu o compromiso de alcanzar a neutralidade de carbono para o ano 2050, con metas intermedias ambiciosas, como a redución dun 23% das emisións para 2030 en comparación cos niveis de 1990. A finais de 2023, a capacidade instalada de enerxías renovables representaba máis da metade do "mix enerxético" do país, con numerosos proxectos de enerxía eólica e solar en desenvolvemento. Pola súa banda, a Unión Europea

lanzou o Pacto Verde Europeo, un plan ambicioso que busca reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro en polo menos un 55 por cento para 2030. Este pacto inclúe unha serie de políticas e regulacións, como o sistema de comercio de emisións, que obriga as empresas para pagar polas súas emisións de CO2, incentivando así a súa redución. Así e todo, tanto o noso país como a UE enfróntanse a importantes desafíos, entre eles a necesidade de mellorar as tecnoloxías de almacenamento de enerxía para manexar a intermitencia de fontes renovables como a solar e a eólica. Probablemente este sexa na actualidade o cerne da transformación enerxética mundial.

No caso do noso país, é crucial desenvolver redes eléctricas intelixentes que poidan xestionar de maneira eficiente a variabilidade da xeración de enerxía renovable. Ferramentas e tecnoloxía hai de abondo actualmente, pero todo isto implica tamén a actualización e expansión da infraestrutura da rede eléctrica. Ademais, é fundamental mellorar as interconexións eléctricas con outros países europeos para facilitar o intercambio de enerxía e garantir a seguridade da subministración.

A Unión Europea ten a obriga de ofrecer asistencia financeira e técnica aos Estados membro con menos capacidade para investir en tecnoloxías limpas, utilizando mecanismos como o Fondo de Transición Xusta para asegurar que esta transformación sexa equitativa e beneficie a todos os Estados, especialmente aqueles máis febles aos cambios.

Podemos dicir que avanzar cara a un modelo enerxético baseado en enerxías renovables non só é un imperativo ambiental, senón tamén unha obriga social. A cooperación internacional e a implementación de políticas coherentes e sostibles serán clave para lograr un futuro onde a enerxía limpa sexa o estándar. Os esforzos realizados ata o de agora na UE demostrannos que a transición verde é posible, pero hai que seguir dándolle pulo a todas as políticas que favorezan continuar polo camiño correcto, xogámonos moito.



### Editor:

Arrincamos, S.L.

### Director:

Xurxo Sobrino Morán

### Redactores

#### e Colaboradores:

Miguel Cumbras, Sevi Martínez, Antón Pereira, Xabier Vilariño, Xose Arufe, Luis Penido, Luís Rivero de Aguilar, Uxía Queiruga, Nacho Carballeira, Daniel G. Palau

### Deseño e maquetación:

Juan Feáns

www.juanfeans.com

### SPRINT MOTOR:

**SPRINT MOTOR**

Avda. da Liberdade, nº16, 4ºA  
15706 - Santiago de Compostela  
Tfno.: 669 277 050  
redaccion@sprintmotor.com  
www.sprintmotor.com

### IMPRIME:

Tórculo Comunicación Gráfica

Depósito Legal: C-138/97

## Especialistas en coches de ocasión



**COMPOSCAR**  
Nos importa tu tiempo!



Rúa María de los Ángeles de la Gandara, nº24 Pol. de Boisaca - 15890 Santiago - Tel.: 881 956 626

## O auricular fai máis aburrido o ciclismo?

■ MIGUEL DEL MORTIROLO | Texto e Foto

Hai unhas semanas disputáronse as Olimpíadas, e na proba de ciclismo en ruta non se usaron os auriculares. Ver a ciclistas que practicamente dende nenos usaron o auricular e agora encontráronse sen eles fixo que a proba fose moi vistosa e ata algo curiosa, xa que algún ciclista durante a carreira non sabía moi ben as distancias entre el e o resto de ciclistas, nin a composición dos grupos que se formaban o longo da proba, o que ocasionou que fose máis entretido de cara ao público.

Tanto na carreira feminina como na masculina non se usaron os auriculares e as dúas carreiras foron máis vibrantes, así que deixo aquí

esta pregunta: o futuro do ciclismo pasa porque todo o que se diga nos auriculares sexa en aberto?

Entendo que son moi útiles para avisar os corredores de atrancos na estrada, de posibles pasos perigosos ou para informar sobre tempos, pero paréceme que prescindir deles esta a facer que o ciclismo sexa máis emocionante e menos previsible, como o de antano.

Os ciclistas teñen que estar moito máis atentos a todo, e fai que haxa máis ataques, porque eles mesmos saben que estes van ter máis efectividade, porque agora conforme algunha manobra dalgún ciclista saía pola televisión o director do

equipo comunícallo os ciclistas polo auricular e estes actuaban ao momento, en cambio desta maneira todo queda máis aberto ás sensacións e decisións de cada corredor. Ata hai directores que lles recordan os ciclistas que vaian tranquilos, que coman, beban... fan algo así como controlarles os nervios que tamén fai que gañen carreiras, e moi distinto tomar decisións a 180 de pulso que sentados nun coche.

Ao non ter tanta presenza o director de equipo, considero que o ciclismo se faría un deporte máis aberto e con máis emoción, por iso me gustaría que a información polo auricular fose en aberto para todos.



### Ola Electric Roadster Pro

A marca india Ola Electric prepara o lanzamento da Roadster Prol propulsada por un motor de 52 kW. Estará dispoñible en dúas variantes, 8 kWh (2.100 €) e 16 kWh (2.600 €). A Roadster Prol acelera de 0 a 60 km/h en 1,9 segundos e alcanza os 194 km/h. Coa batería de 16 kWh a autonomía é de 579 km. Datos do fabricante.

A Roadster Prol ten unha pantalla táctil TFT de 10",

pinza USD, ABS de dobre canle e catro modos de conducción. Ola estuda comercializala en Europa a mediados de 2025.



### GLP III SE 2024

Lapierre e Alpine asinaron unha colaboración, que combina experiencia e técnica, coa bici eléctrica de montaña GLP III SE 2024.

Aderezada co cadro perimetral de carbono VDE SLI e o motor Bosch Performance CX RACE, o modelo 2024 ve ampliada a súa autonomía

grazas á nova batería Bosch PowerPack de 800 Wh; ten un peso de 23,5 kg (talle M).

A suspensión Fox Float Factory mellora a experiencia de pilotaxe grazas á súa sensibilidade e á rixidez da pinza de 38 mm. Prezo: 10.000 €.



### Gordon de Acerbis

Esta chaqueta distínguese polas súas certificacións de seguridade. A peza conta coa certificación EN 17092-4:2020 Clase A, e os protectores de ombreiros e cábados son estándar na chaqueta. Para maior seguridade está preparada para a protección dorsal, certificada, que se vende por separado. Os detalles reflectores co logo de Acerbis nas mangas e a membrana melloran a visibilidade do motorista pola noite, e o forro de malla completa

a chaqueta. Dispón de varios petos. Está dispoñible en tres cores, e ten un prezo de 140 €.



### Sky Towm 125 ABS

Este scooter Kymco, que incorpora un motor de 11cv, é o primeiro en equipar de serie o baúl KY30. Está dispoñible en gris brillo e branco brillo. Equipa unha centraliña de ABS de dobre canle Bosch e conta con discos de freo en ámbolos

eixes. Entre o seu equipamento encontramos unha pantalla LCD, dobre guanteira, dobre toma USB e un cofre baixo o asento para un integral. Prezo: 2.999 €.





## Xa dispoñible o *hipercar* Nilu 27



Nilu presentou o seu novo hipercoche, un modelo que desafia as tendencias actuais da industria do automóbil ao rexeitar a electrificación e a dixitalización, ofrecendo unha experiencia de conducción tradicional pura. Para a motorización do Nilu 27, a compañía asociouse con Hartley Engines, desenvolvendo o motor V12 atmosférico de 6,5 litros, que ofrece máis de 1.000 cabalos de potencia. Este motor, coñecido polo seu deseño innovador destaca pola súa "V quente", onde se intercambian as posicións de admisión e escape.

Alén do motor, o Nilu destaca polo seu chasis, baseado

nun monocasco de fibra de carbono con subcadros tubulares de aluminio, unha opción que mellora o acceso aos compoñentes do tren motriz e optimiza a disipación de calor. A súa cabina compacta, pero cómoda, está pensada para dúas persoas e conta con portas de ás de gaviota que facilitan a entrada e a saída. O Nilu prodúcese nunha edición extremadamente limitada de tan só quince unidades, sendo unha homenaxe á conducción analóxica. No futuro, Nilu desenvolverá unha versión para uso na rúa, proxectando outra edición limitada de 54 unidades, das cales catro serán deseños únicos.



## Mitsubishi Colt GLP



A sétima xeración do Mitsubishi Colt rende homenaxe ao modelo orixinal lanzado en 1978. Nesta ocasión, deseñado no contexto da transición ecolóxica, pensouse para condutores urbanos que buscan unha mobilidade individual práctica e accesible. O lanzamento será en setembro, equipado cun motor turboalimentado de tres cilindros de un litro, que en comparación coa versión de gasolina, aumenta a súa potencia en máis dun 10%, ata alcanzar os 100cv e un par máximo de 170 Nm. Esta versión conta con dous

depósitos de combustible, o que permite unha autonomía de máis de mil quilómetros utilizando tanto gasolina como GLP.

O modelo ofrece importantes vantaxes, xa que reduce o custo por quilómetro e está clasificado como ECO pola DXT, proporcionando vantaxes en zonas de aparcamento regulado e acceso ás cidades durante as restricións de contaminación. Cun sobrecusto de 800 euros con respecto á versión de gasolina, o prezo final do GLP Colt é de 17.200 euros, incluíndo descontos e promocións de financiamento.



## Novo MG HS



Co final do verán MG presenta o seu novo modelo HS, un todocamiño que reforza a estratexia da marca británica (subsidiaria da china SAIC), para facer accesible a mobilidade e a electrificación *premium* a un amplo público.

O novo MG HS estará dispoñible en versións con motor de gasolina e híbrido enchufable (PHEV). Este último destaca pola súa autonomía eléctrica de máis de cen quilómetros, situándose como líder no seu segmento. O deseño do MG HS renóvase, cun aumento

das súas dimensións, o que mellora a habitabilidade e proporciona unha presenza máis robusta.

O seu interior incorpora materiais de primeira calidade e dúas pantallas de 12,3 polgadas. A versión PHEV combina un motor de gasolina de 1,5 litros cun eléctrico, acadando unha potencia combinada que lle permite acelerar de 0 a 100 km/h en 6,8 segundos.

Pola súa banda, a versión de gasolina ofrece unha opción máis tradicional, cun motor 1.5T que entrega 169 cabalos.

## O sector da automoción en Galicia: Desafíos e oportunidades nun mercado global en cambio

O sector da automoción representa unha parte significativa do PIB galego, contribuíndo con cerca dun 12% do total. A fábrica de Stellantis (Vigo) é o epicentro desta industria, producindo máis de 400.000 vehículos ao ano e empregando directamente a máis de 7.000 traballadores. Ademais, o efecto multiplicador na cadea de fornecedores xera aproximadamente 22.000 empregos indirectos na Comunidade.

A industria automobilística galega ten unha forte orientación cara á exportación. Máis do 85% da produción destínase aos mercados internacionais, principalmente a países da UE. Esta vocación exportadora contribuíu significativamente para mellorar a balanza comercial de Galicia e para fortalecer a súa posición nas redes de produción globais. As exportacións da industria galega do automóbil alcanzaron resultados notables, marcando o seu mellor desempeño nos últimos anos (ICEX, 2024).

O sector enfrenta agora un escenario de cambios significativos debido ás novas políticas comerciais da UE. A recente decisión desta de impoñer tarifas adicionais dun 17,4% a un 37,6% aos coches eléctricos

chineses (BBC, 2024) terá implicacións profundas para o mercado. Estas novas tarifas, que se suman a unha tarifa xa existente dun 10%, pretenden protexer aos fabricantes europeos da competencia chinesa, que a UE considera beneficiada por subsidios estatais inxustos. Para a industria galega, isto pode representar unha oportunidade de fortalecemento no mercado europeo, especialmente no segmento dos eléctricos.

A transición cara aos coches eléctricos é un desafío e unha oportunidade para Galicia, que ten potencial para liderar este cambio, aproveitando a súa experiencia na produción de compoñentes e a súa capacidade de adaptación. A recente atribución da produción de novos modelos eléctricos á fábrica de Vigo é un paso importante nesta dirección. As novas tarifas da UE están a incentivar aos fabricantes chineses a considerar a produción local en Europa. Por exemplo, BYD está a construír unha fábrica en Hungría, e SAIC (proprietaria de MG) está a buscar un lugar para a súa primeira fábrica en Europa (BBC, 2024). Isto abre oportunidades para que Galicia atraia novos investimentos, aproveitando a súa forte tradición automobilística

e localización estratéxica. O aumento das tarifas pode levar a un incremento nos prezos dos vehículos eléctricos na UE, potencialmente afectando á accesibilidade para os consumidores europeos. Isto supón un desafío adicional para a industria galega: manter a competitividade a través da innovación e a eficiencia. A colaboración entre empresas, universidades e centros tecnolóxicos, como o CTAG, será crucial para impulsar o desenvolvemento de novas tecnoloxías e manter a Comunidade na vangarda da industria automobilística. Un aspecto crucial que merece atención é o potencial de Galicia para converterse nun centro de innovación en mobilidade eléctrica. Ademais podería aproveitar a súa experiencia na automoción para desenvolver un ecosistema de startups e centros de investigación centrados en tecnoloxías de próxima xeración para coches eléctricos e autónomos. Isto non só atraería investimentos, senón que tamén situaría a Galicia na vangarda da mobilidade. Tamén podería inspirar ás empresas galegas a explorar novos modelos de servizo no sector da automoción, adaptándose ás cambiantes preferencias dos consumidores



**José Castelao**  
Máster en Comercio Internacional da UVI  
e Grao en ADE  
Artigo publicado no boletín do IGADI

e ás tendencias de mobilidade urbana, como é o caso do car-sharing.

A industria da automoción galega enfrenta un período de transformación significativa, impulsado por cambios nas políticas comerciais, avances tecnolóxicos e preocupacións ambientais. Aínda que os desafíos son substanciais as oportunidades para a innovación, a atracción de investimentos e o fortalecemento da posición no mercado europeo son igualmente significativas.

O éxito futuro da automoción galega dependerá da súa capacidade de adaptarse rapidamente a este novo escenario, aproveitando a súa experiencia e infraestrutura existentes, mentres abraza as novas tecnoloxías e prácticas sustentables. Cunha abordaxe estratéxica e colaborativa, Galicia pode fortalecer a súa posición como un centro crucial da industria automobilística europea no futuro electrificado e sustentable que se achega.

### Toyota Breogán Motor galardoado co "Retailer Excellence 2023"

Por segundo ano consecutivo Breogán Motor, concesionario oficial Toyota do Grupo Breogán na Coruña, Carballo, Ferrol, Lugo e San Cosme de Barreiros foi recoñecido como un dos mellores

concesionarios de España, de acordo aos estándares que require a marca. Este premio destaca e enaltece a xestión empresarial sobresaliente a escala global, a experiencia de compra máis satisfactoria

e os servizos de maior calidade, segundo a valoración dos clientes.

Miguel Carsi, presidente & CEO de Toyota e Lexus España, era o encargado de entregar o prestixioso

premio Toyota Retailer Excellence a todo o equipo que forma Breogán Motor nun acto celebrado no concesionario oficial Toyota da Coruña.

José Ramón Ferreiro, director xeral de Grupo Breogán, pechaba o acto emocionado agradecendo o gran traballo e compromiso que todo o equipo realiza a diario para conseguir a excelencia no servizo e a experiencia que ofrece aos nosos clientes e que fan posible situar a Breogán Motor como un dos mellores concesionarios de España por segundo ano.



## XII Edición da Concentración de Vehículos Históricos en Compostela



A Asociación Compostela Monumental, o Automóbil Club de Galicia e o Concello de Santiago celebrarán o sábado 21 de setembro na Praza do Obradoiro a "XII Edición das Xornadas do Patrimonio da Concentración de Vehículos

Históricos". O evento, xa un clásico dentro do sector da automoción, conta cunha participación máxima de 155 vehículos, todos eles cunha antigüidade anterior ao 1990. Os automóviles permanecerán expostos na Praza do Obradoiro entre as 11 e as 19 horas.

Juan C. Pérez, presidente do Automóbil Club de Galicia, explica que "Santiago de Compostela

é a cita de vehículos clásicos máis importante do noroeste de España e unha das citas máis salientables que se celebran a nivel europeo con motivo das Xornadas do Patrimonio".

A nivel mundial as Xornadas do Patrimonio están organizadas pola Federación Internacional de Automóviles Antigos, celebrándose nas principais capitais do planeta.



# Das Welt Auto.



## No busques. Encuentra tu coche de ocasión.



**SEAT IBIZA** 16.790 €  
1.0 TSI 110cv FR  
AÑO 08/2023 - 9.994 Km



**SEAT ATECA** 25.790 €  
2.0 TDI 150CV Xperience XXL  
AÑO 6/2023 - 7.322Km



**CUPRA FORMENTOR** 29.990 €  
2.0 TDI 150CV  
AÑO 10/2023 - 9.440Km



**SEAT ARONA** 16.790 €  
1.0 TSI 110cv Style  
AÑO 6/2023 - 12.412Km



**CUPRA LEON** 29.990 €  
1.5 eTSI 150CV DSG  
AÑO 5/2024 - 6.785 Km



**CUPRA FORMENTOR** 28.490 €  
1.5 TSI 150 cv DSG  
AÑO 10/2023 - 15.798 Km



**Compostela Motor**  
C/ Milladoiro, s/n - Compostela  
T. 981 531 243

**Marineda Motor**  
Av. Alcalde Alfonso Molina, 2 - A Coruña  
Tel. 981 173 111

**Das WeltAuto.es**  
La web de vehículos de ocasión garantizados

Bonificación sobre PVP, IVA incluido, para clientes particulares y autónomos que financien a través de Volkswagen Bank GnbH S.E. (según condiciones contractuales) aplicable a todos los vehículos SEAT o CUPRA con hasta 2 años de antigüedad disponibles en Compostela Motor o Marineda Motor, consulte condiciones particulares de cada vehículo. Oferta válida hasta el 30/09/2024. Incompatible con otras ofertas financieras. Consulta condiciones en tu concesionario SEAT Compostela Motor y SEAT Marineda Motor.

## Pininfarina B95 Gotham: o luxo inspirado en Batman

➔ Pininfarina presentou durante a Monterey Car Week deste 2024 (8-18 de agosto) o seu exclusivo B95 Gotham, un coche inspirado no multimillonario de Batman, Bruce Wayne. O B95 Gotham é unha

*barchetta* bipraza convertible, cunha carrozaría en pintura negra Argento Vittorio, con rodas exclusivas e detalles interiores de pel marrón, acompañada dunha pantalla HMI cunha voz virtual inspirada en Alfred, o mordomo de Wayne. O

motor tamén é de película: con 1.900 cabalos de potencia, acelera de 0 a 100 km/h en menos de dous segundos, o que o converte no coche de estrada máis potente xamais producido en Italia. Este vehículo de luxo, é un dos catro modelos únicos

creados da colaboración entre Pininfarina e Warner Bros, un chanzo máis na personalización, reflectindo a paixón de Wayne e Batman pola tecnoloxía punta e o deseño refinado.



## A chinesa Zeekr lanza baterías que cargan nun tempo récord

➔ Zeekr presentou as súas novas baterías prismáticas LFP, que permiten cargar os vehículos eléctricos dun 10% ao 80% en só 10 minutos e medio, establecendo un novo estándar na velocidade de carga.

O primeiro modelo que incorporará estas baterías será a berlina Zeekr 007 2025, as primeiras entregas comezaron en agosto. Grazas a materiais optimizados e tecnoloxía avanzada, estas baterías superan as capacidades das baterías tradicionais de níquel-cobalto-manganeso, ofrecendo unha carga máis rápida e eficiente. As baterías, xunto cos cargadores

ultrarrápidos Zeekr V3, garanten unha experiencia de carga estable, mesmo en condicións adversas. Zeekr abriu máis de cincocentas estacións de carga ultrarrápidas en China con máis de 2.700 postos de carga, todos eles con capacidade de carga de 800 volts. Zeekr planea ampliar a rede a mil estacións de carga ultrarrápida en 2024 e operará máis de 10.000 postos de carga ultrarrápida en 2026. Este desenvolvemento sitúa a Zeekr como líder en tecnoloxía de carga rápida, respondendo á crecente demanda de vehículos eléctricos en China.





GIVE  
ME  
FIVE

 **aser**  
TU CENTRAL DE SERVICIOS

EN OCTUBRE:  
NUESTROS VALORES  
TIENEN PREMIO

Hasta un **+10% dto.**  
en las principales marcas



+ de 10.000 regalos

Valorados en  
**80.000€**

“Aprovéchalo durante  
el mes de octubre”



**otero**caritón  
Jaime y Ramón Otero Caritón, S.L.

RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL · MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN · PINTURAS EN GENERAL

Vía Edison, 30 - 32  
Polígono Industrial del Tambre  
15890 - Santiago de Compostela

Teléfono: +34981958340

<http://www.oterocariton.com>

 **aser**  
Aser Aftermarket  
Automotive, S.A.



## Skoda Superb Sportline



O Skoda Superb Sportline é o máis deportivo da gama. O seu atractivo dinámico apréciase inmediatamente nas súas lamias de 18 polgadas en cor antracita, os detalles exteriores en negro brillante e as insignias Sportline redeseñadas nas aletas dianteiras. Os dous interiores Sportline dispoñibles inclúen asentos deportivos dianteiros calefactados con

repousacabezas integrados e axuste manual en lonxitude. A dirección progresiva e o chasis deportivo rebaixado 15 mm, así como os faros Matrix LED e os pilotos traseiros LED con intermitentes dinámicos, forman parte do equipamento de serie. O Superb Sportline está dispoñible con ámbalas carrozarías e pódese combinar con todas as motorizacións.

## Novo smart #5



Smart presentou o novo smart #5, un modelo que rompe co deseño dos seus predecesores e que chegará a Europa a comezos do 2025.

Destaca por unha estética robusta e moderna, con frontes e traseiras verticais e un capó horizontal. Este modelo estará dispoñible en dúas versións, unha con motor eléctrico de 340cv e outra con dous motores eléctricos e tracción integral que

alcanza os 638cv. A versión máis potente inclúe modos de condución específicos como Area, Neve, Lama e Rock, adaptándose a diferentes condicións. Ambas versións están equipadas cunha batería de ións de litio de 100 kWh, proporcionando ata 740 km de autonomía segundo o ciclo de homologación chinés. Ademais, a tecnoloxía de carga rápida (4C) permite recargar o 70% da batería en só 15 minutos.



## XPeng Mona M03, outro rival do Tesla Model 3



XPeng lanzou en China o Mona M03, un sedán eléctrico deseñado para competir directamente co Tesla Model 3. Presentado como un cupé *hatchback*, o Mona M03 comparte dimensións similares ao seu rival, pero destaca polo seu prezo altamente competitivo: dende os 15.000 € para a máis barata. Grazas a esta agresiva estratexia de prezo o modelo rexistrou 10.000 pedidos en menos dunha hora. O Mona M03 estará dispoñible en tres variantes, con autonomía de ata 620 km e capacidades de condución semiautónoma,

cun prezo máximo de 19.500 € (a metade do Model 3 en China).

Equipado cun motor que acelera de 0 a 100 km/h en menos de 7,8", cada versión ofrece un interior minimalista con tecnoloxía avanzada, como unha pantalla de 15,6" que centraliza todas as funcións.

XPeng, que busca expandirse a Europa, enfrenta o desafío dos aranceis dun 21,3% sobre os coches eléctricos importados de China, polo que está na procura dunha fábrica no continente para reducir custos e competir globalmente.



## Classic Defender V8



Land Rover Classic lanzou o novo Works Bespoke Classic Defender V8, marcando un fito nos programas de personalización de vehículos emblemáticos. O programa permite aos clientes deseñar o seu V8 Defender ideal, escollendo entre carrozarías de 90 ou 110. Cada vehículo é meticulosamente restaurado e actualizado por especialistas de Classic Works, a

partir de unidades orixinais fabricadas entre 2012-2016. O Classic Defender ten un motor Land Rover V8 de 5.0 litros de 405cv, cunha transmisión automática ZF de oito velocidades.

A edición exclusiva ofrece unha mestura perfecta de luxo e capacidade todo-terreo, permitindo personalizar cada detalle a través dun configurador dixital. Dispoñible dende 225.000 €.

# TALLERES SPRINT



Bosch Car Service

## Talleres Bastón

- Reparación de Cambios automáticos
- Adaptación de vehículos para discapacitados
- Mecánica de mantenimiento
- Electricidad
- Encendido
- Carrocería
- Frenos, ABS, ESP
- Mecánica motot

Salvadas, 23  
15705 SANTIAGO  
(A Coruña)

Tel.: 981 58 56 27  
t. baston@bosch-bcs.com  
baston@adgruporegueira.es



OPEL  
SERVICE

## ANTONIO BALIÑAS, S.L.

ventas@balinas.com  
T: 98188 16 69

A Barquiña s/n  
15830 Negreira

www.balinas.es



*Cuidamos de tu vehículo,  
cuidamos de ti ...*



**Tu taller de servicio rápido  
y mecánica en Compostela**

981 549 531

Rúa de San Cristovo, 47 (O Eixo) Santiago de Compostela



talleres pontevea

- Servicio rápido
- Mecánica
- Diagnose

- Pneumáticos
- Chapa e pintura
- Accesorios



**Gran variedad de turismos e comerciais de OCASIÓN. Visítanos!!**

Lugar Igrexa de Reis, 2 - 15883 Reis - Teo (A Coruña) • 981 809 053 / 650 196 956 • tallerespontevea@gmail.com • www.tallerespontevea.com



## BREVES

» **Xiaomi, informou** que entregou 27.307 unidades do seu coche eléctrico, o SU7, durante o 2º trimestre de 2024 e sinala que espera alcanzar o obxectivo de 100.000 vehículos en novembro, "antes do previsto".

» **Rivian e Apple Music** introduciron o sistema de audio espacial inmersivo, 'Spatial Audio' de Apple, con experiencia Dolby Atmos para os vehículos da marca.

» **A industria de automoción** alemá obtivo menos beneficios antes de impostos no primeiro semestre do ano, en concordancia coa debilidade da industria automobilística no plano internacional.

» **Geely multiplicou** por máis de seis (574,7%, interanual) o seu beneficio neto no primeiro semestre de 2024, ata 1.335 millóns de euros, debido ao aumento das vendas dos seus coches

eléctricos no estranxeiro.

» **VW e Ford son os** grupos fabricantes de vehículos que máis expostos se encontran a afrontar sancións debido a que se atopan lonxe de cumprir cos obxectivos de redución de CO2 marcados pola UE para 2025.

» **BYD, obtivo un beneficio** neto de 1.720,3 millóns de euros no primeiro semestre do ano, o que equivale a un 24,44% máis que no mesmo período do ano anterior.

» **Catro de cada dez** fogares en España que teñen un vehículo electrificado superan os 3.000 euros de ingresos ao mes, segundo datos de AutoScout24.

» **VW asinou un protocolo** coa start-up Revoltech GmbH para investigar e desenvolver materiais sostibles a base de cáñamo industrial que, dende 2028, se poidan utilizar nos seus coches.



## Lamborghini Temerario, un superdeportivo híbrido



O Temerario redefine as expectativas en canto a potencia e rendemento dentro da gama de vehículos eléctricos de alto rendemento (HPEV) de Lamborghini, consolidando o seu camiño cara a electrificación. Equipado cun sistema de propulsión híbrido que combina un motor V8 biturbo de 4.0 litros e un motor eléctrico de fluxo axial, o Temerario alcanza unha potencia de 920cv. Este motor, coñecido internamente como L411, destaca pola

súa capacidade de xirar ata 10.000 revolucións por minuto, ofrecendo resposta inmediata e unha progresión da potencia sen interrupcións. O sistema híbrido do Temerario inclúe dous motores eléctricos no eixe dianteiro, o que mellora a eficiencia e o rendemento a altas velocidades. Este superdeportivo tamén conta con innovacións na súa transmisión e aerodinámica, que garanten unha experiencia de condución superior tanto en circuíto como en estrada.



## Ford amplía a gama da Nugget Transit coa variante Active



Ford amplía a súa liña de furgonetas Transit Custom Nugget coa introdución da variante Active, que destaca a primeira ollada por unha distancia entre eixes máis longa. Diseñada para os entusiastas da aventura, a furgoneta camper de Ford impacta co seu estilo inspirado nos SUV, cunha grella robusta, rodas de dezasete polgadas e unha protección exterior mellorada. A maior distancia entre eixes tradúcese nun maior espazo interior, optimizando a cociña e as zonas de almacenamento,

cunha capacidade de remolque de ata 2,3 toneladas e tecnoloxías avanzadas de asistencia ao condutor.

A nova versión da Nugget presentouse no Düsseldorf Caravan Show 2024, incluíndo opcións de propulsión híbrida enchufable (PHEV) e tracción ás catro rodas, mellorando a versatilidade tanto na estrada como en terreos difíciles. O motor híbrido enchufable de 233 cabalos, similar ao do Ford Kuga, permite unha condución eficiente en traxectos longos e con enerxía eléctrica en contornas urbanas ou cámpings.





### Hyundai lanza a edición limitada do Tucson 20 aniversario

➔ A cuarta xeración do Tucson xa introducirá importantes melloras no deseño e na tecnoloxía do vehículo, e nesta edición especial de aniversario mantén esas innovacións ao tempo que ofrece elementos de personalización, reforzando a exclusividade do modelo. O Tucson *20th Anniversary Edition* destaca así polo seu deseño exclusivo, que inclúe unha nova cor da carrozaría Pine Green Matte, interiores de coiro negro e ante téxtil, con costuras

Pine Green e lamias de aliaxe de dezanove polgadas con acabado Satin Dark Grey. Ademais, conta con detalles únicos, como un logotipo conmemorativo do 20 aniversario nos repousacabezas dianteiros e nos protectores dos peitorís das portas, así como un distintivo especial no portón traseiro. A produción desta edición comezou en agosto e estará dispoñible en todos os mercados europeos sen limitación no número de unidades.



### Novo MG ZS Hybrid+

➔ MG reforza a súa presenza no mercado dos vehículos híbridos co lanzamento do ZS Hybrid+, un SUV compacto deseñado para combinar eficiencia e tecnoloxía cun prezo accesible. O vehículo está equipado coa tecnoloxía híbrida de autocarga (HEV), que inclúe unha batería de ións de litio de alta densidade enerxética, un potente motor eléctrico e un eficiente motor de gasolina. O sistema híbrido ZS Hybrid+ ofrece unha notable autonomía eléctrica e unha velocidade máxima en modo eléctrico próxima aos 100

km/h, marcando un novo estándar no seu segmento. Ademais, o deseño do ZS actualizouse con liñas máis sofisticadas e proporcións melloradas, incluíndo novos faros e unha grella central que enfatiza o ancho do vehículo. Este SUV compacto está dirixido a aqueles que buscan mobilidade electrificada *premium*, co atractivo adicional da etiqueta ECO. Este novo modelo, que chegará aos concesionarios en outubro, súmase á ofensiva de lanzamento de MG polo seu centenario, seguindo os pasos do MG3 Hybrid+ e do HS PHEV.

### O BYD Dolphin reforza a mobilidade eléctrica accesible

➔ BYD lanzou unha promoción para o seu modelo 100% eléctrico, o BYD Dolphin Comfort, xa dispoñible dende 19.990 €, grazas ao apoio do Plan MOVES III e aos descontos dos concesionarios da compañía. Esta oferta, válida ata o 30 de setembro, permite aos clientes acceder á mobilidade eléctrica cun pago inicial de 3.524,40 euros e cotas

mensuais a partir de 99 euros, a través do financiamento de CA Autobank. O BYD Dolphin Comfort constitúese sobre a innovadora e-Platform 3.0, equipándose coa batería Blade de 60,4 kWh, que ofrece unha autonomía de 559 quilómetros en ciclo urbano e 427 en ciclo urbano combinado. O modelo inclúe un completo equipamento de serie que

destaca polos asentos calefatsados eléctricos, unha pantalla táctil de 12,8 polgadas con rotación eléctrica e sistemas avanzados de asistencia á conducción. A versión BYD Dolphin Design tamén está dispoñible dende

21.790 €, engadindo teito panorámico, cristal de privacidade e carga sen fíos.



A Volta ao Cole ten premio en Compostela Monumental

Dende o día 9 de Agosto ata o 30 de setembro de 2024, pide o teu boleto por cada compra nos establecementos asociados ao OGA Compostela Monumental, cubree e poderás gañar un dos centos de premios que sorteamos.

Ademais, por compras superiores a 15 euros, terás aparcamento gratuito no Parking de Galeras La Catedral.



## Mercedes-Maybach presenta a serie SL 680 Monogram



O SL 680 Monogram é un descapotable de luxo, o máis deportivo da historia de Maybach, que estará dispoñible en dous deseños exclusivos, o Red Ambience e o White Ambience, os dous xogando con novas cores para realzar a súa beleza.

Ambos saíran equipados cun motor V8 biturbo de 4.0 litros e 585 cabalos, o que garante unha condución potente e silenciosa grazas a un sistema de escape optimizado e a un tren de

rodaxe orientado ao confort. A aleta cromada e a estrela vertical do capó, así como a toma aerodinámica detrás dos asentos, redefinen as proporcións do vehículo ofrecéndolle unha estética e unha potencia exclusiva. O interior, elaborado a partir de coiro napa branco curtido de forma sostible, ofrece un ambiente de luxo, contando ademais con acabados cromados e toda a tecnoloxía punta. O seu lanzamento en Europa está previsto para a vindeira primavera.



## Prezos dos Serie 4 Coupé e 4 Cabrio



Cando se trata do segmento premium da clase media, o novo BMW Serie 4 Coupé e o novo Serie 4 Cabrio encarnan o espírito dos novos deportivos. O deseño exterior modificado con precisión de ambos os modelos subliña o seu carácter dinámico e o seu estilo exclusivo. Aquí, o deseño de vangarda da cabina, que inclúe a pantalla curva da marca, proporciona o escenario ideal para desenvolver a última evolución de iDrive con QuickSelect, que se basea no novo sistema operativo BMW ID8.5. Conta ademais con novos

acabados de pintura exterior, lamias de aliaxe lixeira, faros cun deseño moi rechamante e luces traseiras láser opcionais.



	Propulsión	Variante	Potencia Kw   cv	Prezo
Serie 4 Coupé	Gasolina	420i	135   286	55.200 €
		430i xDrive	180   245	61.700 €
		M440i xDrive	275   374	82.200 €
	Gasóleo	420d	135   190	57.000 €
		430d xDrive	210   286	68.500 €
		M440d xDrive	250   340	84.050 €
Serie 4 Cabrio	Gasolina	420i	135   184	62.700 €
		430i xDrive	180   245	69.200 €
		M440i xDrive	275   374	89.700 €
	Gasóleo	420d	140   190	64.500 €
		M440d xDrive	250   340	91.550 €

## N Vision 74, o Superdeportivo híbrido



Hyundai presentou a súa estratexia a medio e longo prazo para completar a súa transición verde, coa meta de vender dous millóns de coches eléctricos anuais para 2030. Entre os 21 vehículos a producir no que resta de década, destacou o N Vision 74, un superdeportivo híbrido que combinará tecnoloxía de pila de combustible de hidróxeno con baterías eléctricas.

Con máis de 800 cabalos e unha aceleración de 0 a 60 km/h en menos de tres segundos, o N Vision 74 promete un rendemento constante,

superando as limitacións habituais dos vehículos eléctricos. Equipado con dous motores eléctricos no eixo traseiro e distribución vectorial de par, alcanzará unha velocidade máxima

de 250 km/h. Aínda que os detalles finais do tren motriz non se revelaron, a combinación de tecnoloxía avanzada e deseño de alto rendemento sitúa ao vehículo como un pioneiro no

mercado dos superdeportivos. Previsto para comezar a súa produción en 2026, fabricaranse só cen unidades, das cales setenta serán para uso en estrada e trinta para competición.



# Axenda Sprint



Novo Concesionario  
Segway



**Recambios  
Balsa**



[www.recambiosbalsa.com](http://www.recambiosbalsa.com)

Recambios, accesorios, pintura y herramientas



¡TENEMOS EL BOCADILLO QUE TE GUSTA!



**Bocadillos  
Sandwich  
Hamburguesas  
y Pollos Asados**

Rosalía de Castro, 23 | Esquina Montero Ríos | © 981 590 538

Gran variedad en Desayunos  
y Platos Combinados



Montero Ríos, 39  
Santiago de Compostela  
© 981 593 636

**Oscar  
Tires**

Oscar Tires Avda. Rosalía de Castro, 28 MILLADOIRO 15895 Amés. Tel. 981 53 05 79

**BRIDGESTONE**

**Nuevo Potenza Sport**

Controla tu viaje, despierta tus sentidos.  
El Bridgestone Potenza Sport es un neumático  
de altas prestaciones que te permite  
aprovechar todo el potencial de tu vehículo  
y mantener un control total durante tu viaje.



## CUPRA Terramar

### Un SUV para rachar normas

■ ANTÓN PEREIRA | TEXTO  
■ SPRINT MOTOR | FOTOGRAFÍA

O avance de CUPRA en Europa é indiscutible. Dende o seu lanzamento en 2018, a compañía entregou ao redor de 700.000 vehículos e conta con máis de 800 puntos de venda en todo o mundo. Agora CUPRA lanza o seu novo modelo SUV deportivo, o Terramar.

Unha das versións máis esperadas do CUPRA Terramar é a edición limitada "America's Cup", que destaca polo seu deseño exclusivo e unha produción limitada a só 1.337 unidades. Deseñado e desenvolvido en Barcelona, o Terramar prodúcese na planta de Audi en Győr, Hungría, e as primeiras entregas están programadas para o último trimestre do ano.

#### Exterior e dimensións

O Terramar distínguese por un deseño exterior altamente emocional e deportivo, en liña co novo ADN da marca. Este SUV presenta proporcións que o fan destacar no concorrido segmento SUV. Cunha altura de 1.584 mm, un ancho de 1.863 mm, unha lonxitude de 4.519 mm e unha distancia entre eixos de 2.681 mm, o Terramar ten unha presenza robusta e dinámica.

O frontal do vehículo está marcado por un nariz de quenlla, un trazo distintivo que engade agresividade ao deseño. Ademais, conta coa firma lumínica de CUPRA, con tres triángulos que integran a tecnoloxía Matrix LED Ultra, unha avanzada iluminación de alta definición. O logotipo da marca está enmarcado por dúas

liñas no capó, salientando as proporcións do vehículo e engadindo dinamismo.

Nos laterais, as liñas fluídas do vehículo reforzan a súa deportividade, mentres que as lamias, dispoñibles en tamaños de 18", 19" e 20", complementan a súa imaxe deportiva. Na parte traseira, destaca un difusor que axuda a alixeirar visualmente as proporcións do vehículo. O logo iluminado de CUPRA atópase no centro, acompañado pola denomi-

“O Terramar ofrecerá 5 opcións de propulsión, incluíndo 3 tecnoloxías: gasolina (TSI), mild hybrid (eTSI) e híbrido enchufable (e-Hybrid)

nación "Terramar", tamén iluminada. Estará dispoñible en nove cores exteriores, incluídos dous acabados mate: Bronce Century Mate e Gris Enceladus Mate. Outras opcións inclúen cores como Dark Void, inspirado no plasma do CUPRA DarkRebel, Azul Fiord, Blanco Glacial, Azul Cosmos, Gris Timanfaya, Midnight Black e Gris Graphene.

#### Interior

O interior do Terramar continúa co enfoque emocional e deportivo que caracteriza á marca. Antes de entrar no vehículo, o condutor e os pasaxeiros son recibidos cunha cerimonia de benvida, onde un xogo dinámico de luces ilumina tanto









a parte dianteira como traseira do coche, así como os limiares das portas. Ademais, o logo de CUPRA proxéctase no chan, engadindo un toque de exclusividade.

O deseño interior está centrado no condutor, cun voante CUPRA de serie que inclúe levas e botóns satélite, e asentos Bucket que ofrecen unha suxeición óptima. A consola central segue a nova linguaxe de deseño da marca, con superficies progresivas e liñas dinámicas. No cadro de mandos e outras áreas clave, incorpórase un deseño paramétrico 3D, resaltando a atención ao detalle que caracteriza á marca.

A tecnoloxía xoga un papel clave no interior do Terramar, cunha interface home-máquina (HMI) que integra tanto o sistema de instrumentación Dixital Cockpit de 12,9" como o sistema de infoentretemento. Ademais, o Windshield Head-up Display proxecta información directamente no parabrisas, mellorando a experiencia de condución.

O sistema de infoentretemento ofrece unha interface sinxela e personalizable, cunha barra de aplicacións mellorada e controis táctiles para o climatizador. Tamén inclúe unha barra de climatización retroiluminada, o que facilita o acceso ás funcións clave do vehículo.

O habitáculo ofrece opcións de personalización en tres estilos interiores diferentes: Deep Ocean, Moon Lixeiros e High Canyon. O

primeiro destaca polo uso de materiais reciclados nos asentos. Moon Lixeiros caracterízase pola súa cor gris escura e o uso de tapizaría Dinamica®, que contén o 73% de material reciclado. Por último, High Canyon ofrece un ambiente burdeos con coiro curtido mediante un proceso natural baseado en plantas.

“Os motores e-Hybrid contan coa etiqueta “Cero emisións”, alcanzan ata 272cv e ofrecen máis de 100 km de autonomía eléctrica

### Chasis e dinámica

O Terramar está baseado na plataforma MQB Evo, o que lle permite ofrecer unha

experiencia de condución dinámica e precisa. Conta cun eixo McPherson dianteiro e unha suspensión multi-brazo independente traseira, o que mellora a estabilidade e o rendemento na estrada. Ademais, inclúe unha suspensión deportiva de serie que reduce a altura do vehículo en 10 milímetros.

A dirección progresiva do Terramar axusta automaticamente a asistencia segundo a velocidade. Tamén está equipado cun servofreno eléctrico, o que permite unha resposta máis rápida que os sistemas convencionais. Para mellorar a eficiencia e seguridade, as versións híbridas enchufables inclúen a función Blending, que permite recuperar a enerxía de freada.

O sistema de tracción total 4Drive, dispoñible nalgunhas versións, optimiza a entrega de potencia a cada roda, mellorando a tracción en diferentes condicións de estrada. Ademais, o Control

de Chasis Adaptativo (DCC) permite ao condutor axustar a dinámica do vehículo segundo as súas preferencias, a través de diferentes modos de condución: Comfort, Performance, CUPRA, Offroad e Individual.

### Motorizacións

Este SUV combina as posibilidades dos motores de combustión coas dos eléctricos. Así, ofrece unha gama repleta de opcións que permite ao condutor elixir a que mellor se adapte ás súas necesidades.

Cinco sistemas de propulsión diferentes, que engloban tres tecnoloxías, dotan ao Terramar de grandes prestacións. Os motores TSI (gasolina), eTSI (mild hybrid) e e-Hybrid (híbrido enchufable) dan forma a unha oferta que ofrece dende 150 ata 272 cabalos. Todos os propulsores incorporan a caixa de cambios automática DSG de dobre embrague.

eTSI (mild hybrid). O acceso á gama é un motor eTSI que combina a eficiencia da tecnoloxía mild hybrid de 48 volts co propulsor de gasolina 1.5 TSI de 150cv. Asociado exclusivamente á transmisión DSG de 7 velocidades, esta mecánica axuda a conter o consumo.

A tecnoloxía híbrida está composta por un xerador e unha batería de ións de litio de 48 volts. O sistema logra unha elevada eficiencia grazas, en parte, a que permite que o Terramar avance co motor de combustión





diversas funcións do vehículo de forma remota, como a climatización e a xestión da batería nas versións híbridas enchufables.

### Seguridade e sistemas de asistencia

Este novo modelo conta cunha ampla gama de sistemas de asistencia á condución, como o control de cruceiro adaptativo e predictivo, o asistente de viaxe e o asistente lateral. Ademais, está equipado con 7 airbags de serie e a opción dun sistema avanzado de protección de ocupantes "Pre-Crash". O sistema de iluminación Matrix LED Ultra tamén mellora a seguridade, proxectando información na estrada, como sinais de advertencia e límites de velocidade.

### Edición limitada

CUPRA lanza a edición limitada Terramar America's Cup, da que só se producirán 1.337 unidades.

O Terramar America's Cup ofrecerase en Gris Enceladus Mate (esta cor será a primeira dispoñible en exclusiva para esta edición limitada) e incluírá unhas lamias de aliaxe negras de 20", así como o logotipo America's Cup gravado a láser nos piares B. No interior, a cor negra predominante, o coiro Moonslate e os asentos Bucket (co logo America's Cup na etiqueta), reforzan o carácter único desta serie especial.

Esta edición limitada estará dispoñible coas mecánicas VZ: e-Hybrid de 272cv e 2.0 TSI de 265cv.

“A experiencia de condución optimízase con suspensión deportiva, dirección progresiva, control de chasis adaptativo e freos Akebono.

apagado nalgúns escenarios. Tamén fai que sexa posible recuperar enerxía nas freadas e achega certa asistencia eléctrica ao motor térmico.

e-Hybrid (híbrido enchufable). O Terramar abraza a electrificación e emprégaa para ofrecer novas sensacións ao volante. O sistema de propulsión híbrido enchufable de nova xeración mellora o rendemento e consegue unha autonomía 100% eléctrica ampliada.

Dous son as opcións e-Hybrid con etiqueta ambiental

Cero emisións presentes na oferta do Terramar: unha de 204cv e outra de 272, esta última para a versión VZ.

Nas motorizacións híbridas enchufables, o 1.5 TSI asóciase a un motor eléctrico e a unha gran batería de 19,7kWh (netos) de capacidade. Isto permite ao Terramar viaxar durante máis de cen quilómetros cunha soa carga, o que supón o equilibrio óptimo para moverse de forma ecolóxica nos percorridos diarios. A batería admite agora carga rápida de ata 50 kW (CC), perfecta para os desprazamentos por estrada. Tamén se pode cargar en casa usando unha Wallbox de 11 kW.

TSI (gasolina). A gama continúa co apartado TSI, formado por dous motores de gasolina de 2.0 litros nos que o rendemento é a clave. O primeiro, cunha potencia de 204cv, conta coa transmisión DSG e o sistema de tracción total 4Drive, que permite ao Terramar aumentar a súa motricidade.

O segundo, dispoñible para a versión VZ, eleva a potencia. O motor do VZ de gasolina entrega 265cv e, igualmente, asóciase ao cambio DSG de 7 velocidades e á tracción integral 4Drive, o que lle confire as mellores prestacións unidas a unha gran dinámica.

### Infoentretemento e conectividade

O Terramar está equipado con tecnoloxía avanzada de infoentretemento e conectividade. Ademais do Dixital Cockpit de 10,25 polgadas, a pantalla central de 12,9" ofrece controis táctiles intuitivos. O sistema Full Link permite a integración sen cables de Apple CarPlay e Android Auto.

O sistema de son opcional Sennheiser ofrece unha experiencia auditiva inmersiva, con 12 altosfalantes e tecnoloxía Ambeo, que distribúe o son de maneira uniforme por todo o habitáculo. A aplicación My CUPRA App permite aos propietarios controlar



# ASEGAL & CASTROMIL

Abogados y Economistas

Fiscal - Administrativo - Mercantil  
Laboral - Subvenciones - Familia

Travesía de Cacheiras nº25, 1º - 15883 Teo (A Coruña) - Teléfono: 981 807 301

A prevención é a mellor medida para evitalos

## Os roubos de vehículos aumentan en 2024

Moitos usuarios favorécenos por ser descoidados



■ ANTÓN PEREIRA | TEXTO  
■ UXÍA QUEIRUGA | FOTOGRAFÍA

Os roubos de automóbiles son unha lacra dende o mesmo momento no que se inventou este. Moitas veces suceden porque somos confiados (como cando deixamos o coche en dobre fila coas chaves postas para alegría dos *descuideros*) ou nos despreocupamos de ver que a zona onde o aparcamos non é moi recomendable ou, simplemente, carece da luz adecuada.

### Descuideros.

Moitas veces, os roubos débense a un descoido do dono do coche, que deixa as chaves postas, as xanelas abertas ou obxectos de valor á vista. Estes descoidos facilitan o traballo dos ladróns (*descuideros*), que aproveitan calquera oportunidade para actuar.

España rexistrou un total de 8.031 roubos de vehículos durante os tres primeiros meses deste ano, segundo os datos proporcionados polo Portal de Criminalidade do Ministerio do Interior. Esta cifra supón

un incremento dun 2,4 por cento con respecto ao mesmo período de 2023. Todo apunta a que o incremento de roubos é atribuíble á

“En Galicia no 1º trimestre de 2024 diminuíron este tipo de delitos (-4,4% e 131 roubos)

crecente sofisticación das redes criminais organizadas e ás altas demandas de pezas de reposto no mercado negro.

### Roubos por autonomías

Conforme aos datos do ministerio, as comunidades onde máis roubos se produciron durante o transcurso do ano foron a Comunidade de Madrid, con 1.898 roubos (+2,0%), Cataluña, con 1.888 (aínda que cun descenso dun 6,3%) e Andalucía, con 1.526 (+13,3%). As comunidades autónomas tiveron distinta evolución nesta problemática.

Destaca o incremento das subtraccións de vehículos en Cantabria, (+103,8%, 543 roubos), Ceuta (+77,3%, 39), Melilla (+63,6%, 19) e A Rioxa (+61,5%, 21 roubos). Tamén medran Castela-A Mancha, con 181 roubos (+29,3%), Comunitat Valenciana, con 805 roubos (+8,6%), Canarias, con 403 roubos (+8,3%), Extremadura con 45 roubos (+7,1%) e País Vasco, 162 roubos (+4,5%).

Pola contra, as comunidades que mellor evolucionaron durante os primeiros tres meses de 2024 foron Asturias, con 54 roubos (-20,6%) e Navarra, con 32 roubos (-20%) que viron como tiveron diminucións significativas debido a unha maior eficacia nas estratexias de prevención dos corpos de seguridade do Estado, cooperación internacional e melloras na vixilancia e medidas de seguridade implementadas polos propietarios dos vehículos.

Outras comunidades que progresaron favorablemente son Baleares, cun descenso dun 11,1% aínda que con 335 roubos, Aragón, (-9,5% e 86 roubos), Murcia (-8,9%

e 214 roubos), Castela e León (-7,4% e 112 roubos) e Galicia (-4,4% e 131 roubos).

Se se mantén a tendencia do primeiro trimestre ao longo do ano, é moi probable que o número de subtraccións supere as 32.820 do 2023, sen considerar furtos nin apropiacións indebidas.

### Tendencia

José Rubio, voceiro de LoJack Iberia, comentou: “As cifras de roubos de vehículos durante os primeiros meses

“A alta demanda de pezas de reposto no mercado negro incrementou o roubo de coches

de 2024 alértannos dun problema maior na sociedade ao que lle temos que poñer solución. Dende a nosa empresa, grazas á instalación do noso dispositivo (sempre nunha localización secreta), a avanzadas solucións para o rastrexo e recuperación

de vehículos e á estreita colaboración coas forzas e corpos de seguridade do estado, conseguimos que os nosos usuarios recuperen os seus vehículos, normalmente en tempo récord”.

Rubio coméntanos que “o principal é que teñamos en conta que para reducir o número de roubos de vehículos temos que ser os condutores, sobre todo, precavidos”.

Por outra banda, as autoridades deben seguir reforzando as estratexias de prevención do delito e a cooperación internacional para combater o comercio ilegal de automóviles e de pezas.

## Prevenición

Os condutores podemos adoptar unha serie de medidas de seguridade, moitas delas son bastante sinxelas e só dependen de nós:

**1. Aparcar en zonas ben iluminadas e concorridas.** A maioría de roubos cométese en contornas pouco transitadas e en zonas con pouca ou nula visibilidade. Ter o vehículo en garaxes ou, preferiblemente, estacionamentos vixiados, pode marcar a diferenza. Debemos estacionar en lugares seguros, sempre que sexa posible, elixiremos estacionar en áreas ben iluminadas e concorridas.

“No primeiro trimestre de 2024 roubáronse 8.031 vehículos no noso país

**2. Pechar as portas e xanelas.** Asegurémonos de que todas as portas estean pechadas e as xanelas completamente subidas cada vez que deixemos aparcado o coche. Evitaremos que nos rouben utilizando a técnica do descoido.

**3. Os obxectos non deben quedar á vista.** Evitemos deixar pertenzas

visibles (roupa, cámaras fotográficas, bolsos...) dentro do coche, xa que isto é un imán para os ladróns.

**4. Utilizar o volante e o freo de man.** Ao estacionar, xiraremos o volante e usaremos o freo de man para dificultar o movemento do automóbil.

**5. Alerta preventiva.** Sempre agudizaremos a atención da nosa contorna para ver se hai algún comportamento sospeitoso nos arredores de onde deixemos o noso vehículo aparcado.

**6. Uso de bloqueos físicos.** Empregar barras no volante ou pedais que poidan imposibilitar a mobilidade do vehículo sempre llelo poñerá máis difícil aos amigos do alleo. Son elementos disuasorios que son facilmente visibles e que poden “convencer” o ladrón de actuar noutro vehículo sen un dispositivo de seguridade deste tipo.

**7. Instalación de dispositivos antirrobo.** O uso de inmovilizadores, alarmas e sistemas de rastrexo,

como os ofrecidos por diversas empresas de seguridade especializadas en vehículos, son unha garantía que pode marcar a diferenza en caso de roubo.

Moitas destas compañías recuperan moitos vehículos roubados grazas a unha tecnoloxía que evita a actuación dos inhibidores de sinais GPS/GSM/GPRS, e que funciona mesmo en garaxes ou sotos. Estes dispositivos poden disuadir os ladróns e axudarche a recuperar o vehículo se é roubado.



Ás veces, os descuidados aproveitan un descoido do dono do coche para cometer o delito

## ROUBOS DE COCHES POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS:

COMUNIDADE AUTÓNOMA	UNIDADES ROUBADAS	PORCENTAXE RESPECTO AO 1º TRIMESTRE DE 2023
Andalucía	1.526	+13,3%
Aragón	86	-9,5%
Asturias	54	-20,6%
Baleares	335	-11,1%
Canarias	403	+8,3%
Cantabria	53	+103,8%
Castela e León	112	-7,4%
Castela-A Mancha	181	+29,3%
Cataluña	1.888	-6,3%
Comunitat Valenciana	805	+8,6%
Extremadura	45	+7,1%
Galicia	131	-4,4%
Madrid	1.898	+2,0%
Murcia	214	-8,9%
Navarra	32	-20,0%
País Vasco	162	+4,5%
A Rioxá	21	+61,5%
Ceuta	39	+77,3%
Melilla	18	+63,6%
No estranxeiro	28	+3,7%



## KTM 790 Adventure

*Fiel á filosofía Kiska*



■ XOSE ARUFE | TEXTO  
 ■ UXÍA QUEIRUGA | FOTOGRAFÍA  
 WWW.MOTOSPRUEBAS.COM  
 motos@motospruebas.com

A asociación entre KTM e CF MOTO cobra impulso coa creación dunha nova planta de produción case á beira da sede desta última na China. Os plans estratéxicos desta asociación, presentados polo propio Stefan Pierer, prevén que CF MOTO produza a bicilíndrica 790 nesta planta.

Trátase dun proceso que está a evolucionar gradualmente, xa que CF MOTO empezou a lanzar as súas propias motocicletas co motor de 799cc (800MT, 800NK), aínda que os beneficios non serán unilaterais.

### Deseño

Fiel á filosofía Kiska, a 790 mantén o seu deseño distintivo, pero actualizouse nalgúns puntos para darlle un aspecto máis moderno e aguerrido. Así, leva unha nova grella dianteira cunha reixa máis grande e alta que abraza os carenados laterais e enche o oco que existía entre o frontal e o depósito de

combustible no modelo anterior. Ao mesmo tempo mellorouse a protección do piloto fronte ao vento.

Tamén se redeseñaron os carenados laterais, que en combinación co imponente faldón motor de aluminio e as anchas seccións de plástico conforman un conxunto de aspecto imponente e duro. Máis aló diso, a 790 mantén o depósito de combustible de 20 litros coas dúas seccións a cada lado do motor, que garanten que a maior parte do volume de combustible se manteña baixo. Así como os dous faros Full LED, co faro dianteiro incorporando luces diúrnas DRL.

A nova 790 é un conxunto de alta calidade capaz de afrontar todos os retos diarios e escenarios de aventura. Foi redeseñada en Austria, mentres que a produción correu a cargo do estreito colaborador de KTM, CF MOTO, baixo a supervisión da compañía austríaca en canto a especificacións. Isto permitiu á compañía laranxa ofrecer na súa gama un modelo tecnoloxicamente actualizado con altos estándares de calidade, pero a un prezo significativamente máis baixo debido á redución dos custos de produción.

### Detalles

O asento é axustable en dúas posicións, a 840 e 860 mm do chan, para unha mellor personalización ás necesidades do piloto. Con dous niveis separados, ofrece un espazo adecuado para piloto e pasaxeiro, a gomaescuma ten un tacto moderado, sen causar problemas en longas horas de uso.

As asas para o pasaxeiro están integradas no colín, combinando practicidade e ergonómia. O parabrisas non é axustable, pero medrou en anchura e altura, ofrecendo unha adecuada protección contra o vento mesmo para os pilotos

máis grandes. A pantalla TFT de 5 polgadas incorpora unha interface de usuario renovada para facilitar a navegación polos menús e o control da plataforma de conectividade móbil a través da app KTM Connect.

Os axustes xestiónanse e as opcións de menú naveganse a través dos interruptores situados no lado esquerdo do guiador, sen distraer ao piloto durante a condución.

### Propulsor

O motor bicilíndrico LC8c de 799cc e refrixeración líquida mantivo a arquitectura da disposición de cilindros en paralelo, con pistóns forxados, dúas árbores de levas na cabeza e dous eixos anti-vibración. Con todo, KTM introduciu algúns cambios que melloraron o seu carácter e funcionamento. Cun aumento dun 20% nas masas rotativas para unha maior estabilidade, corpos de inxección revisados, un novo sensor de pre-aceso, unha nova caixa de filtro e sistema de escape e axustes revisados da ECU, o motor é agora máis refinado, sen perder un chisco da súa filosofía Ready to Race.

Rende 95cv a 8.000rpm e un par máximo de 6.500rpm, cumprindo coa normativa Euro 5. O seu consumo medio é de 5,5 litros, cunha autonomía de 360 km en cada repostaxe. En canto á electrónica, a nova 790 Adventure está equipada co sensor IMU de 6 eixos, que tamén montan a 890 Adventure e a 1290 Super Adventure, mentres que todos os sistemas están baseados nos da KTM 890 Adventure e inclúen control de tracción con detección de inclinación, Cornering ABS con axuste *off-road* e 3 modos de condución (Road, Rain e Off-Road).

Na nova 790, mantén a electrónica de curvas de alta gama coa súa unidade central inercial, IMU de 6 eixos.

KTM ofrece o modo Demo, que permite ao piloto acceder aos sistemas electrónicos adicionais do modelo, como o control de cruceiro,





o cambio rápido, o axuste de esvaramento do motor MSR e unha cartografía adicional do motor Rally Power. Lamentablemente, os sistemas electrónicos adicionais do modo Demo só son accesibles durante os primeiros 1.500 km, tralos cales desactívanse automaticamente; o piloto pode conservar calquera deles previo pago.

“O posto de condución está dominado por unha moderna pantalla LCD de fácil lectura

### Suspensións e freos

O bastidor tubular de aceiro co motor activo é perfectamente adecuado para manter a rixidez requirida en todas as condicións, á vez que mantén o peso baixo, 199 kg sen fluídos, para que a 790 poida bailar sobre asfalto e terra.

As suspensións deste modelo son de WP e forman parte da serie APEX. A pinza dianteira de 43mm non admite axustes, mentres que o amortecedor traseiro

Monoshock conta con precarga de resorte axustable e retroalimentación sen pancia. Ambos teñen 200mm de recorrido e combinados coa distancia ao chan de 233mm, garanten que non nos quedaremos atrancados en ningún sitio. Do sector da freada encárganse dous discos de 320mm con pinzas radiais de catro pistóns diante e un disco de 260mm con dobre pinza detrás, mentres que o ABS Bosch 9.3 MP en curva garante unha freada segura en calquera terreo, xa que pode intervir só na roda dianteira (modo Off-Road) ou desactívalo completamente se o piloto o desexa. As lamias radiais da 790 Adventure acentúan o seu carácter Dirt, xa que atopamos lamias de 21 polgadas diante e 18 detrás con pneumáticos Pirelli Scorpion Rally STR de uso mixto.

KTM conseguiu resolver a ecuación á que a maioría das empresas deben responder, construíndo unha moto polivalente moi capaz. Os austríacos volveron a insuflar vida ao modelo de gama media, co obxectivo de bater á competencia en prezo e, ao mesmo tempo, ofrecer a experiencia "ready to race" da firma laranxa.



### Arrincamos!

Excelente manexabilidade en asfalto, fácil e lineal, sempre disposta a todo cun pouco máis de xiro no acelerador. A ergonómia da 790 coloca ao piloto nunha posición que lle resulta familiar ao instante, tanto se conduce por asfalto como por terra. O torso

“A primeira sensación é dun centro de gravidade moi baixo e dunha seguridade absoluta en curvas

está en posición vertical de descanso e o depósito crea grandes ocos para os xeonllos. Os anchos repousapés con insercións de goma extraíbles colocan as pernas en ángulos normais e, combinados co guiador alto, fan que mesmo a condución off-road de pé sexa un proceso doado.

Esta primeira toma de contacto non dá para unha análise en profundidade, xa que o tempo que tiveron a moto á miña disposición foi o xusto para un satisfactorio paseo nunha tarde entre semana pola Ribeira Muradá.

Nos continuos xiros e curvas da estrada costeira deno de momento en que deixas

atrás Muros, é un patio de recreo para a 790 Adventure, bailando lixeira de curva a curva, coa familiar precisión de manexo proporcionada polo excelente conxunto de resortes WP e os excelentes freos J.Juan, filial de Brembo.

A primeira sensación é dun centro de gravidade moi baixo e dunha seguridade absoluta en curvas.

O peso é correcto e axuda aos menos iniciados a atravesar pistas de terra sen dramas. Fóra do asfalto, a 790 séntese coma en casa, con rochas charquentas e outeiros que conforman o seu terreo favorito, mentres que os 95 cabalos son máis que suficientes para situacións máis animadas.

A suspensión non admite axustes, excepto a precarga na roda traseira, pero ofrece a información necesaria e ten a configuración ideal para afrontar calquera situación e equilibrar confort e prestacións. Podes rodar rápido sobre o asfalto ou manchar de lama as rodas e os plásticos da 790 coa mesma facilidade.

A pesar de que a roda dianteira é de 21 polgadas, virará con precisión e manterase neutra, mantendo facilmente a súa traxectoria dentro da curva, mentres que en terra só sentirás que a suspensión "se sae". Ningunha queixa sobre o sistema de freada, que se caracteriza pola súa potencia, progresividade e eficacia na presión constante. Algo





### MANTEMENTO

1ª revisión: 1.000 km  
 2ª revisión: 5.000 km ou un ano  
 Seguintes: cada 5.000 km ou un ano  
 Prezo aproximado de cada revisión: 120 €  
 Cambio de pneumáticos cada: 12.000 km

Prezo aproximado: 380 €  
 (É posible, que os períodos de mantemento que recomendo nesta sección, non coincidan cos recomendados pola marca en moitas ocasións, considero que son os ideais para manter a túa moto en perfectas condicións)

### SEGURO

Terceiros con asistencia na estrada e seguro de condutor 275 € ao ano (maiores de 25 anos). Tamén hai a posibilidade de engadir roubo, incendio ou perda total (Todo Risco)

## Ficha Técnica

### MOTOR E TRANSMISIÓN

- TIPO DE CARNÉ: A2
- CILINDRADA: 799cc
- TIPO: 4 tempos
- CILINDROS: 2
- DISPOSICIÓN: en liña
- DISTRIBUCIÓN: DOHC
- VÁLVULAS POR CILINDRO: 4
- ALIMENTACIÓN: DKK  
Dell'Orto 46 mm
- REFRIXERACIÓN: líquida
- COMPRESIÓN 12.7 :1
- POTENCIA: 95cv (69,87 kW) a 8.000rpm
- PAR MÁXIMO: 88Nm a 6.500rpm
- COMBUSTIBLE: gasolina sen chumbo 95/98
- NORMATIVA ANTICONTAMINACIÓN: Euro5
- TRANSMISIÓN SECUNDARIA: cadea
- EMBRAGUE: antirrebote PASC
- ACCIONAMENTO: hidráulico
- NÚMERO DE MARCHAS: 6
- CHASIS, SUSPENSIÓN E FREOS
- TIPO DE CHASIS: multitubular en aceiro ao cromomolibdeno
- SUSPENSIÓN DIANTEIRA: pinza investida; barras de 43mm con 200mm de percorrido
- SUSPENSIÓN TRASEIRA: dobre brazo; 1 amortecedor sen bieletas; percorrido de 200 mm
- FREO DIANTEIRO: dous discos (320mm); pinza de 4 pistóns
- FREO TRASEIRO: un disco (260mm); pinza de 2 pistóns
- RODA DIANTEIRA: lamia de aluminio de 21"

- RODA TRASEIRA: lamia de aluminio de 18"
- DIMENSIÓN E PESO
- DISTANCIA ENTRE EIXOS: 1.509mm
- ALTURA LIBRE AO CHAN: 233mm
- ALTURA DE ASENTO: 840mm
- ÁNGULO DE DIRECCIÓN: 64.1°
- CAPACIDADE DO DEPÓSITO: 20 litros
- PESO EN SECO: 199 kg
- AUTONOMÍA: 450 km
- EQUIPAMENTO
- Arrinque eléctrico
- Warning
- Toma de corrente USB
- Cabaleta central (opcional)
- Pata de cabra
- Maletas (opcional)
- Baúl traseiro (opcional)
- Amortecedor regulable
- Cubremáns
- Instrumentación
- TFT
- Contarrevolucións
- Reloxo
- Ordenador de a bordo
- Nivel de gasolina
- Temperatura de refrixerante
- Temperatura ambiente
- Indicador de marcha engrenada
- Testemuña de reserva
- Conectividade smartphones
- Bluetooth
- Aplicación smartphones
- Electrónica
- IMU
- Control de tracción
- ABS
- Modos de motor
- Selector intervención ABS
- Selector intervención control tracción
- Quickshift (opcional)
- Iluminación full-LED



confirmado polo moi bo rendemento de 39,7 metros na medición 100-0 km/h.

A suavidade de funcionamento no rango baixo-medio altermase cun sólido rende-

“O asento é axustable en dúas posicións, a 840 e 860 mm do chan

mento cando o motor está a funcionar preto da liña vermella, obrigando á 790 a acelerar con forza dentro e fóra da cidade. En cifras, completa o 0-100 en tan só 4,8 segundos. Viaxa comodamente a velocidades próximas ao 150 km/h. Din que se perseveras, o velocímetro sobe ata os 200 km/h pero, naturalmente, tamén sentirás máis as vibracións do motor bicilíndrico. Nestas condicións, o parabrisas máis grande e os plásticos redeseñados ofrecen unha mellor protección contra o vento e, por tanto, máis confort durante a viaxe.

A nova 790 ten unha forma excelente de satisfacer un amplo abanico de necesidades cos tres diferentes mapas de motor e axudas electrónicas que moldean o

seu carácter. Cando o seu piloto a utilice para o día a día, moverase comodamente mesmo nos momentos de maior tráfico. O motor corre "azucrado" con doces prestacións en baixos e, combinado co embrague lixeiro, fai que a conducción na cidade sexa un xogo, mentres que o baixo peso total e a afiada dirección permiten ao piloto manobrar directamente sen dificultade.

O que obtés ao comprar a KTM 790 Adventure é unha motocicleta con todos os encantos tecnolóxicos e de conducción que distinguiron ultimamente ás KTM; comunícase directamente co piloto. Situada entre a 390 e a 890 e dispoñible en versión A2, abre o abanico de opcións a novos motoristas. Bonita, aventureira, moi ben equipada, e o que é máis importante, asequible, introdúcese na lóxica da aventura e ofrece un paquete completo para aqueles que buscan unha moto polivalente que non faga concesións, capaz de ser utilizada en todos os ámbitos, dende a conducción diaria por cidade ata o turismo, o Touring e o Raid.

O seu prezo é de 11.799 euros e podemos elixila en cor branca ou negra.

O big bang das berlinas deportivas

**BMW M5, unha lenda da enxeñería alemá**

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR | FOTO



Dende o seu debut en 1984, o BMW M5 converteuse nun referente indiscutible no segmento das berlinas deportivas de alto rendemento. Cada nova xeración supuxo un fito na evolución da marca bávara, combinando á perfección luxo, deportividade e tecnoloxía punta.

“O seu deseño discreto e o seu refinado chasis convertíano nun lobo vestido de ovella

Se ben é certo que as berlinas deportivas xa naceran como concepto con anterioridade, o éxito do BMW M5 marcou un punto de

inflexión para a masificación destes modelos, creando o seu paradigma durante corenta anos. De novo, a innovación refinou un concepto que non parou de desenvolverse até os nosos días.

O novo BMW M5 lanzado ao mercado neste 2024, representa a súa sétima xeración, sendo a versión máis poderosa da Serie 5. Repasamos a historia que nos trouxo ata aquí.

**Orixes e evolución**

A historia do M5 comeza no ano 1984 coa presentación do E28S. Equipado cun potente motor de seis cilindros en liña de 3,5 litros e 286 cabalos, esta berlina ofrecía unhas prestacións que a situaban á cabeza da súa categoría. O seu deseño discreto

e o seu refinado chasis convertíano nun lobo vestido de ovella, capaz de sorprender a calquera rival na estrada.

As seguintes xeracións do E28S, o E34 (1988), E39 (1993) e E60 (2005), seguiron perfeccionando a fórmula gañadora. Cada modelo introduciu melloras significativas en canto a potencia, rendemento e tecnoloxía. O E39, por exemplo, marcou un fito ao incorporar un motor V8 de 5.0 litros que lle proporcionaba unha potencia e un par motor non visto até o daquela altura.

**Da turbocompresión á electrificación**

Coa chegada do F10 en 2011 deuse un grande salto adiante. O BMW M GmbH iniciou unha nova era na historia do M5: a era da turbocompresión. O motor V8 biturbo de 4.4 litros ofreceu unha enorme potencia e par, catapultando o M5 a un novo nivel de rendemento. O seu sucesor, o F90, continuou por este camiño, levando o poder e a sofisticación a niveis aínda máis altos, empregando unha tracción total MxDrive, que permitía transmitir con maior eficacia os 600cv e 750 Nm que desenvolvía, declarando unhas prestacións de 0 a 100 km/h en 3,4 segundos para

a aceleración e unha velocidade máxima autolimitada de 250 km/h.

“O E39 marcou un fito ao incorporar un motor V8 de 5.0 litros

Este ano, BMW M GmbH presentou a sétima xeración do M5, marcando o regreso da versión Touring e a introdución da tecnoloxía híbrida. O novo M5 combina un potente motor de combustión interna cun motor eléctrico, que proporciona unha potencia e un par motor sen precedentes. Esta nova xeración supón un paso adiante na evolución do M5, adaptándose ás demandas dun mercado cada vez máis esixente en materia de sustentabilidade e rendemento.

Coa crecente importancia da electrificación e da conducción autónoma, é probable que vexamos cambios significativos nas próximas xeracións do modelo. Non obstante, unha cousa é certa, o M5 seguirá sendo un referente no segmento das berlinas deportivas, ofrecendo aos seus condutores unha experiencia de conducción única e xa mítica.



Se ben é certo que as berlinas deportivas xa naceran como concepto con anterioridade, o éxito do M5 marcou un punto de inflexión para a masificación destes modelos

## O deseño como motor da vangarda

## Alfa Romeo 2000 Sportiva, 70 anos de elegancia e aerodinámica

■ DANIEL G. PALAU | TEXTO ■ SPRINT MOTOR E X. SOBRINO | FOTO



En 1950, Alfa Romeo entra nunha nova era coa chegada do Alfa Romeo 1900, o seu primeiro automóbil fabricado en serie na planta de Portello, nos arredores de Milán. Todo un cambio de paradigma para a compañía, que asentaría con esta decisión o seu futuro, e con el, a asociación do seu nome ao deseño de vangarda.

Pouco despois, en 1954, Alfa Romeo, coa mirada posta no futuro, encargou ao deseñador Bertone a creación dun automóbil deportivo que estendese os éxitos do 1900 a categorías máis competitivas. O resultado foi o Alfa Romeo 2000 Sportiva, un cupé que, a pesar da súa produción limitada de só catro unidades, converteuse nunha icona da marca e nunha fonte de inspiración para os futuros

modelos. Que elementos críticos delimitaron esta historia? Que achegou o Sportiva á industria do motor?

**A estética do futuro**

Sobre a configuración técnica do 1900 "de rúa", conserváronse tanto a propulsión traseira como a disposición lonxitudinal do motor, construíndose un chasis de aceiro tubular cunha carrozaría de aliaxe lixeira de aluminio. Con estes cimentos, o deseño da Sportiva 2000, obra do xenio de Franco Scaglione, foi, sobre todo, unha oda á elegancia e á aerodinámica.

O seu corpo, esculpido en aluminio, presentaba liñas limpas e superficies tensas que anticipaban as tendencias do deseño automotriz

das próximas décadas. O frontal afiado, co característico escudo ovalado e os faros integrados no perfil, dotáballe dun aspecto decididamente moderno.

A atención aos detalles foi evidente en cada elemento. Os pasos de roda ensanchados e as tomas de aire dianteiras subliñaron o seu carácter deportivo, mentres que a traseira, coa súa xanela traseira envolvente e parachoques integrado, completaba unha silueta inconfundible.

**Un corazón deportivo**

Baixo o capó, o Sportiva 2000 albergaba un motor de catro cilindros en liña de 2.0 litros, herdeiro do 1900, pero cunha potencia máxima de 136cv a 6.500 rpm. Este

propulsor, combinado cun chasis lixeiro e unha aerodinámica optimizada, permitiu que o Sportiva alcanzase unha velocidade máxima de 220 km/h, unha cifra extraordinaria para a época.

A pesar da súa curta produción, o Alfa Romeo 2000 Sportiva deixou unha pegada indeleble na historia da marca. As súas elegantes liñas e as súas prestacións deportivas inspiraron modelos tan emblemáticos como o Alfa Romeo Giulia Sprint e o 33 Stradale, ambos deseñados por Franco Scaglione.

“Baixo o capó, o Sportiva 2000 albergaba un motor de catro cilindros en liña de 2.0 litros e 136cv a 6.500 rpm

Visto con perspectiva, o Sportiva 2000 é moito máis ca un coche. É un testemuño do talento dos deseñadores italianos da época, unha obra de arte sobre rodas que combina beleza, funcionalidade e rendemento. O seu legado vive ata hoxe, servindo como fonte de inspiración para os entusiastas da automoción de todo o mundo.



O seu corpo, esculpido en aluminio, presentaba liñas limpas e superficies tensas que anticipaban as tendencias do deseño automotriz das vindeiras décadas



# XII CONCENTRACIÓN

Xornadas Patrimonio Vehículos Históricos · Compostela Monumental



21 DE SETEMBRO 2024 · DE 11:00 A 19:00 HORAS

Contacto para inscripción gratuita: e-mail [automovilclubdegalicia@yahoo.es](mailto:automovilclubdegalicia@yahoo.es), Tel: 609 291 550

Melloran a calidade da condución e evitan cegamentos

## O parasol, un aliado do condutor



Na década de 1950 popularizáronse os parasoles exteriores nas pick-up americanas

■ BRAIS GARCÍA | TEXTO  
■ SPRINT MOTOR | FOTOS

O Ford T foi o primeiro automóbil en levar un parasol en 1924. Dende entón, este invento sinxelo, económico e útil cambiou pouco. A principal modificación ocorreu poucos anos despois, cando os parasoles, que inicialmente eran viseiras pregables montadas no exterior do parabrisas, trasladáronse ao interior do coche e fixéronse abatibles. En 1928, a empresa Face a Lite empezou a vender parasoles interiores como un accesorio, e en 1930, algúns modelos de Packard xa os ofrecían como unha opción

adicional. Nos anos seguintes, os parasoles volvéronse comúns en todos os vehículos, aínda que na década de 1950 houbo un breve regreso dos parasoles exteriores, especialmente nas camionetas americanas.

Desde entón, os parasoles só tiveron un par de melloras importantes: un soporte que permite movelos lateralmente e a inclusión de espellos e luces interiores. Ao principio, os espellos só se colocaban no parasol dereito porque os fabricantes pensaban que ese era o lado onde normalmente sentaban as mulleres. Hoxe en día, os espellos instálanse en ambos elementos.

### Os inventores do parasol

Aínda que non se usaron amplamente ata moitos anos despois, os estadounidenses Charles H. Schumacher e Albert A. Schmalz inventaron o parasol moderno, abatible e pivotante, e patentárono en 1918. A patente describía o parasol como "un escudo contra o cegamento, especialmente deseñado para ser colocado no marco do parabrisas dun automóbil, cun brazo que pivota e pode axustarse a calquera posición".

En 1927, a empresa estadounidense Face a Lite Manufacturing patentou un sistema similar e vendeuno con éxito como accesorio. Un anuncio na revista Popular Mechanics de 1928 describíao así: "Os cegamentos causan centos de accidentes ao ano. Cun parasol Face-a-lite, podes seguir conducindo sen reducir a velocidade e sen perigo, mesmo coas luces doutro coche ou o sol de fronte".

### Cegamentos polo sol, un perigo na estrada

Varios estudos en todo o mundo demostraron que o cegamento polo sol


contribúe a moitos accidentes de tráfico. En España, a Dirección Xeral de Tráfico estima que un 5% dos accidentes nas horas do amencer e o atardecer débense ao cegamento. Segundo a Administración Nacional de Seguridade do Tráfico na estrada dos Estados Unidos, o resplandor do sol provoca ao redor de 9.000 accidentes ao ano, sendo a segunda causa ambiental de accidentes, despois da chuva.

Observouse que o tráfico que se dirixe ao este pola mañá e ao oeste pola tarde ten máis accidentes, especialmente na primavera e outono, cando o ángulo do sol coincide coas horas punta de tráfico. Durante os cegamentos polo sol, os choques máis comúns son por alcance e en ángulo recto.

### Atención ao sol

Ademais de afectar a seguridade ao conducir, o sol tamén pode ser prexudicial para a saúde dos condutores. A exposición aos raios UV que recibimos a través das xanelas do coche é especialmente alta. Na maioría dos vehículos, só o parabrisas bloquea os raios UV, mentres que poucas ventás laterais ofrecen esta protección.

A exposición aos raios UV acumúlase co tempo e está relacionada co 90% dos casos de cancro de pel. Moitos estudos demostraron que os condutores frecuentes teñen máis dano na pel ao lado esquerdo do corpo (ou no dereito, nos países onde se conduce polo outro lado). Aínda que a lei non permite laminar as ventás dianteiras, si permite facelo nas traseiras, onde viaxan os nenos, que son máis sensibles á exposición. A Skin Cancer Foundation recomenda laminar as lúas dos vehículos para maior protección.



A empresa estadounidense Face a Lite Manufacturing patentou un parasol e vendeuno con éxito como accesorio

## Lone Star Le Mans: bo resultado do equipo Porsche

→ **C**ampionato do Mundo de Resistencia FIA (WEC), 6ª carreira, Austin (EEUU). Os dous Porsche 963 do equipo oficial Porsche Penske Motorsport terminaron nos puntos na proba estadounidense do Campionato do Mundo de Resistencia. No Circuito das Américas, o prototipo híbrido de 692cv partiu dende a 14ª posición na grella para cruzar a liña de meta na 6ª.

O coche xemelgo do equipo logrou o 7º posto tras un difícil inicio de carreira. Con este resultado, os pilotos oficiais Kévin Estre, André Lotterer e Laurens Vanthoor continúan á fronte do campionato de pilotos, mentres Porsche é segundo no de construtores a falta de dúas carreiras. O equipo cliente Manthey (Porsche 911 GT3 R) mantivo o seu bo rendemento en Texas, ambos terminaron no podio da categoría LMGTC3.



## Dez días entre as dunas de Marrocos

→ **A** competición de ralis Defender chegará ao norte de África este mes para vivir a experiencia definitiva dunha Baixa no deserto: 10 días entre as dunas de Marrocos para ilusionar e poñer a proba a pilotos e copilotos.

É a primeira vez na historia da competición que os integrantes participan na Baixa de Marrocos, que representa a cúspide do meditado itinerario de varios anos de desenvolvemento da condución que conforma a competición de ralis Defender, onde todos os participantes, dende novatos totais no automobilismo ata persoas con experiencia en carreiras en pista ou ralis, desenvollen habilidades básicas para os ralis e

disputan eventos internacionais. Nesta ocasión, mergullaranse no emblemático mundo das carreiras polo deserto. Aos pilotos que xa formaban parte da competición de ralis Defender acompañaranos novos participantes ao volante do Defender 90, que poderán alugar o vehículo con especificacións especiais para a competición durante todo o evento. Todos conducirán en Marrocos durante oito días: os primeiros tres recibirán clases maxistras sobre ralis no deserto e os últimos cinco disputarán a Baixa.

As clases maxistras sobre o deserto un equipo estarán a cargo de profesionais da competición de ralis Defender, con especialistas con experiencia no Dakar.



## A lenda continúa: Toni Bou, Campión do Mundo de TrialGP 2024

→ **O** piloto catalán amplía o seu palmarés ata os 35 títulos mundiais; 18 na disciplina ao aire libre e 17 en X/X-Trial.

Toni Bou levou un novo triunfo na cita que se disputou en Cahors, Francia, sumando (a falta de dúas probas para concluír o campionato 2024) un novo título de TrialGP ao seu palmarés. Bou acumula 18 títulos na disciplina ao aire

libre para alcanzar xa os 35 en total, o que o confirma unha vez máis como un dos deportistas máis laureados da historia.

Ao seu palmarés na disciplina ao aire libre hai que sumarlle 17 títulos co equipo nacional español no Trial das Nacións e 17 máis de X/X-Trial. Con todo, Bou conta xa cun total de 152 vitorias e 208 podios tras disputar 263 citas en TrialGP.



## Nico Müller cambia de equipo

→ **P**orsche ficha a Nico Müller. O suízo (32 anos) competirá para Andretti Fórmula E na undécima tempada do campionato do mundo de monoprazas eléctricas. Porsche reforza así o seu programa nesta especialidade e amplía o seu apoio ao equipo cliente. Actualmente estase estudando se Müller competirá para Porsche Motorsport noutras

categorías e en cales delas. A decisión anunciarase máis adiante.

Nico Müller ten moita experiencia na Fórmula E. Dende a tempada 2019/2020 estivo correndo no innovador campionato de monoprazas eléctricas, cun descanso na 2021/2022. A vindeira campaña pilotará o Porsche 99X Electric, o coche campión do mundo dos últimos dous anos.





## Un novo modelo de acceso á competición



Actualmente, os enxeñeiros de BMW M Motorsport están a traballar no desenvolvemento dun novo coche que completará a gama de coches de carreiras para clientes como modelo de entrada ao automobilismo.

Co BMW M235i Racing, o M240i Racing e o M2 CS Racing, en BMW M Motorsport, os coches

asequibles e tecnicamente sofisticados para iniciarse nas carreiras son unha tradición. Son os modelos da marca para as categorías GT4 e GT3. Actualmente, os enxeñeiros de BMW M Motorsport están a traballar no desenvolvemento dun novo vehículo que completará a gama de coches de carreiras para clientes como modelo de iniciación á competición.



## Lone Star Le Mans: unha carreira dura para Peugeot

Seguro que as estrelas non se aliáron para o equipo Peugeot na Lone Star Le Mans. A pesar dun brillante comezo de carreira de Nico Müller (Peugeot 9X8), que remontou cinco postos nos primeiros compases e logo se mantivo entre os dez primeiros durante a súa dobre etapa, o equipo francés tivo que conformarse co 12º posto despois de seis horas de carreira.

Unha vez máis, a sorte non estivo ao lado de Peugeot, xa que un dos seus coches chocou con outro vehículo na saída e sufriu unha picada, antes de recibir un *drive-through* a metade da carreira. O sistema híbrido tivo problemas a falta de dúas horas para o final, o que supuxo a primeira retirada dun Peugeot 9X8 versión 2024 esta tempada.

## Lanzamento do GR Supra GT4 EVO2 para a tempada 2025



Dende o lanzamento do GR Supra GT4 en 2020, grazas ao apoio dos organizadores de carreiras e os clientes, as vendas acumuladas do modelo superaron as 120 unidades. Os esforzos dos equipos permitíronlle gañar carreiras da serie GT4 e internacionais en once países e continentes, obter máis de 500 podios e converterse no campión da súa clase en tres continentes: Asia, Estados Unidos e Europa.

Toyota Gazoo Racing programou o debut en carreira do GR Supra GT4 EVO2,

cun rendemento, unha fiabilidade e unha operatividade mellorados, para o inicio da tempada 2025. En concreto, os mapas do ABS reaxustáronse para permitir unha freada e un paso por curva óptimos en función do tipo de pneumáticos, o desgaste e o estado do trazado. Ademais, reduciuse o tempo de cambio descendente mediante un axuste fino da correspondencia de revolucións mediante unha actualización de software, o que deu lugar a un mellor control da desaceleración durante a freada para

aumentar a velocidade nas curvas. Ademais de mellorar o rendemento de refrixeración do motor, os freos e a transmisión, optimizáronse as temperaturas do habitáculo para que o coche sexa máis fácil de conducir

mesmo en condicións difíciles, o que axuda a manter un alto nivel de rendemento.

Está previsto que o GR Supra GT4 EVO2 faga o seu debut mundial en xaneiro de 2025. Prezo previsto en Europa: 202.000 €.



compostela car  
SERVICE



Estás buscando un coche especial?  
**Somos expertos en la venta de vehículos seminuevos Premium.**

Prueba nuestro servicio de coche a la carta.

Llámanos  981 58 18 99





La más amplia gama de vehículos de ocasión de todas las marcas,  
con la confianza y garantía de Grupo Breogán.

HÍBRIDOS SEMINUEVOS  
+400 VEHÍCULOS EN STOCK  
HASTA 15 AÑOS DE GARANTÍA  
OFERTAS INSUPERABLES



Tu concesionario de confianza en Galicia:  
A Coruña, Carballo, Narón, Lugo, Barreiros, Santiago y Vigo.

 669 847 387

 900 815 915

[www.grupobreogan.com](http://www.grupobreogan.com)